

Normativa de constitución e recoñecemento de grupos de innovación docente (GID) da Universidade da Coruña (UDC)

Aprobada polo Consello de Goberno do 28 de abril de 2022

1. Motivación

A mellora da calidade do ensino e a renovación do modelo educativo nos títulos oficiais de grao e de mestrado da Universidade da Coruña (UDC) é un dos obxectivos xerais da Vicerreitoría de Planificación Académica e Innovación Docente (VPAID). Para alcanzalo, a VPAID asignoulle ao Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE) a función de apoiar a innovación educativa nas súas diversas facetas e adoptou o compromiso de recoñecer e fomentar a innovación educativa nas aulas a través da creación de grupos de innovación docente (GID), que están a desenvolver o seu labor desde o ano 2017.

Esta normativa ten como obxectivos específicos os que seguen:

- a) Promover a participación do profesorado en accións de innovación educativa.
- b) Fomentar o traballo colaborativo e interdisciplinar mediante asociacións estables de profesorado, que favorezan a actualización permanente e o desenvolvemento profesional docente.
- c) Incrementar a proxección e difusión das actividades de innovación educativa da UDC, para adquirir unha maior presenza nos foros educativos nacionais e internacionais.
- d) Mellorar o impacto dos procesos de ensino-aprendizaxe e, en xeral, a calidade do ensino que se imparte na UDC.

Ao longo da fase de implantación dos GID, desde 2017 até a actualidade, os obxectivos a) e b) foron alcanzados, pois a resposta do profesorado a esta iniciativa foi moi positiva: 101 GID cun total de 742 membros foron rexistrados na IV convocatoria de 2021. Porén, os obxectivos c) e d) presentan un grao de consecución menor; por tanto, é necesario seguir traballando para atinxilos. Ábrese agora unha nova etapa de transición que vai permitir asentarse e perfeccionar esta bagaxe adquirida e dirixir os esforzos cara ao logro dos obxectivos c) e d).

2. Consolidación e avance dos GID na UDC

Esta nova normativa de constitución e recoñecemento de GID introduce as melloras que se detallan a continuación para favorecer a transición da fase de implantación dos GID á de consolidación:

- I. **Avaliación obxectiva baseada en méritos.** Establécese un instrumento de medición da actividade dos GID baseado en méritos e con criterios obxectivos. Nesta normativa defínense os aspectos xerais do devandito instrumento de avaliación, que serán detallados a través dunha rúbrica en cada unha das convocatorias. Este instrumento de medición permitirá tamén a autoavaliación da actividade dos GID.
- II. **Avaliación a longo prazo.** Os méritos sometidos a avaliación poderán comprender un período de ata catro cursos académicos anteriores ao prazo establecido na convocatoria de avaliación.
- III. **Distinción entre GID consolidados e GID en vías de consolidación.** Esta distinción producirase como resultado da avaliación dos GID.

IV. **Certificación grupal.** A actividade dos GID consolidados e en vías de consolidación certificarase mediante a emisión dun único certificado por GID cada catro ou dous cursos académicos, respectivamente.

V. **Xestión simplificada.** Establécese un modelo unificado de solicitude de definición e avaliación do GID para presentar no prazo definido en cada convocatoria.

3. GID

3.1. Definición

Un GID é un grupo de persoal docente e investigador (PDI) da UDC e persoas colaboradoras que se organizan como colectivo estable e desenvolven accións dirixidas á formación, a innovación e a mellora continua da docencia universitaria no marco das titulacións oficiais de grao e de mestrado da UDC.

3.2. Denominación

Cada GID adoptará unha denominación propia acorde co seu ámbito de traballo e que identifique as liñas de actuación en que se centrará. Procurarase que o nome do GID sexa breve e conciso. Tamén se proporcionará un acrónimo para identificar o GID.

Esta información quedará especificada na solicitude de avaliación do GID, no marco da convocatoria que publicará anualmente a UDC.

3.3. Composición

Os GID deberán estar constituídos como mínimo por tres membros do PDI que impartan docencia nos títulos oficiais de grao ou de mestrado da UDC. Non se fixa un número máximo de integrantes, pero a composición dos GID deberá axustarse aos obxectivos e á envergadura do seu proxecto.

Así mesmo, poderán formar parte dos GID as seguintes categorías de persoas colaboradoras:

- a) O persoal de administración e servizos (PAS) da UDC
- b) Os/as contratados/as predoutorais e posdoutorais da UDC
- c) O persoal da UDC contratado con cargo a proxectos de investigación
- d) O profesorado emérito e honorario da UDC
- e) Os/as doutorandos/as da UDC
- f) Os/as docentes doutras universidades nacionais ou internacionais
- g) Os/as docentes doutras institucións educativas non universitarias

Non se poderá participar simultaneamente en máis dun GID na UDC.

3.4. Coordinación

Cada GID terá unha **persoa coordinadora** que deberá pertencer ao colectivo do PDI e ter vinculación permanente coa UDC. A persoa coordinadora dun GID debe exercer a representación do GID que coordina e solicitar a avaliación deste de acordo cos prazos e as instrucións establecidos nas convocatorias correspondentes.

3.5. Obrigas

Cada GID comprométese a realizar accións de divulgación das accións de innovación educativa levadas a cabo. En particular, os membros dos GID participarán activamente nas Xornadas de Innovación Docente organizadas pola UDC.

4. Liñas prioritarias de actuación

En coherencia cos obxectivos do Plan estratéxico da UDC, fíxase unha serie de liñas de traballo prioritarias para o desenvolvemento dos GID. Estas liñas de actuación, cuxa finalidade é xerar un impacto real na transformación e a renovación dos procesos de ensino-aprendizaxe na UDC, son as seguintes:

- Liña 1. Metodoloxías activas en docencia presencial e semipresencial
- Liña 2. Mellora de procesos e instrumentos de avaliación da aprendizaxe
- Liña 3. Titorización e atención ao alumnado
- Liña 4. Uso e aplicación de recursos tecnolóxicos para a mellora da aprendizaxe
- Liña 5. Fomento da responsabilidade social e medioambiental universitaria
- Liña 6. Emprendemento e empregabilidade
- Liña 7. Instrumentos e recursos para a mellora da organización e o desempeño docentes
- Liña 8. Accións de divulgación e transferencia do coñecemento á sociedade
- Liña 9. Creación de recursos educativos en aberto
- Liña 10. Accións de innovación educativa para a inclusión, a atención á diversidade e a igualdade de xénero

Estas liñas de traballo serán flexibles e non excluíntes, é dicir, un GID poderá traballar en varias liñas ao mesmo tempo e de forma transversal.

Excepcionalmente, os GID poderán adscribirse a novas liñas de actuación diferentes das indicadas arriba. Neste caso, deberán achegar unha xustificación do interese, a relevancia e a oportunidade das liñas de actuación propostas.

5. Avaliación dos GID

5.1. Comisión Asesora de Innovación Docente (CAID)

A avaliación da actividade dos GID será competencia da Comisión Asesora de Innovación Docente (CAID).

5.1.1. Composición

Os membros da CAID serán nomeados pola persoa responsable da vicerreitoría con competencias en materia de innovación docente. A CAID estará formada polos seguintes membros:

- a) Presidente/a: persoa encargada da dirección do CUFIE
- b) Secretario/a: membro do persoal técnico do CUFIE
- c) Vogais:
 - Cinco membros do PDI, un por cada rama de coñecemento

- Un membro do persoal técnico da Unidade Técnica de Calidade (UTC) da UDC

A relación dos membros que forman a CAID actualizarase en cada unha das convocatorias de avaliación dos GID.

5.1.2. Funcións

A CAID ten encomendadas as seguintes funcións:

- a) Colaborar no proceso de avaliación da actividade dos GID.
- b) Velar polo cumprimento das actuacións que cada GID se compromete a emprender e pola consecución dos logros que se propuxese alcanzar en relación coas liñas de actuación a que se adscriba.
- c) Interpretar esta normativa de GID e as correspondentes convocatorias, e velar polo seu cumprimento.

5.2. Período sometido a avaliación

Os períodos de avaliación serán determinados en cada convocatoria, e neles poderán incluírse méritos comprendidos até nos catro cursos académicos inmediatamente anteriores ao prazo de presentación de solicitudes establecido na convocatoria correspondente.

5.3. Méritos avaliados

Os méritos avaliados detallaranse no anexo I de cada convocatoria e estarán incluídos nalguna das categorías seguintes:

- a) Actividade do GID
- b) Impacto das accións de innovación na calidade dos procesos de ensino-aprendizaxe
- c) Colaboración con entidades e institucións
- d) Formación dos membros do GID
- e) Divulgación e proxección das accións de innovación realizadas polo GID

5.4. Criterios de avaliación e evidencias

En cada convocatoria de avaliación dos GID definiranse:

- a) os criterios de avaliación, coas puntuacións correspondentes a cada mérito;
- b) o número máximo de méritos en cada categoría e/ou por cada membro do GID;
- c) e as evidencias xustificativas para cada tipo de mérito.

A avaliación realizarase nunha escala de 0 a 100 puntos e o sistema de puntuación será aditivo. Cada unha das categorías de mérito levará asociada unha puntuación máxima.

5.5. Resolución

Tras a avaliación das solicitudes presentadas, a CAID emitirá unha valoración de acordo coas seguintes categorías:

- a) **GID consolidados**: GID que obtivesen unha puntuación de cando menos 50 puntos.

- b) **GID en vías de consolidación:** GID que obtivesen unha puntuación de cando menos 30 puntos e inferior a 50 puntos.
- c) **GID desestimados:** GID non avaliados ou avaliados cunha puntuación inferior a 30 puntos.

5.6. Certificación e difusión de resultados

O CUFIE emitirá unha certificación conxunta que inclúa a todos os membros do GID e indique quen é a persoa coordinadora, así como se se trata dun GID consolidado ou en vías de consolidación. Os GID desestimados non serán obxecto de ningún tipo de certificación.

A relación definitiva de GID consolidados e en vías de consolidación será publicada na Sede Electrónica da UDC unha vez finalizado o proceso de avaliación de cada convocatoria.

A vicerreitoría con competencias en materia de innovación docente e o CUFIE encargaranse de lles dar visibilidade ás actividades dos GID a través das páxinas web institucionais da UDC, así como de difundir as experiencias presentadas a través de foros, xornadas, actividades de formación e/ou divulgación etc.

A coordinación e a participación nun GID serán recoñecidas no programa de avaliación da actividade docente (Docentia) e constituirán un dos criterios de preferencia para acceder aos cursos do Plan de apoio ao ensino (PAE) do CUFIE.

5.7. Vixencia da avaliación

A vixencia das avaliacións realizadas en cada convocatoria empezará a contar a partir do último curso académico avaliado e é a seguinte:

- a) **GID consolidados:** catro cursos académicos
- b) **GID en vías de consolidación:** dous cursos académicos

É responsabilidade de cada GID manter a súa continuidade mediante a solicitude de avaliación da súa actividade na convocatoria que corresponda ao curso académico en que expire a vixencia da súa avaliación.

6. Disposición derogatoria

Con esta normativa quedan derogadas tanto a normativa reguladora anterior aprobada polo Consello de Goberno na súa xuntanza do día 20/07/2017 como a actualización aprobada polo Consello de Goberno o día 19/12/2018.

7. Disposición transitoria

Todos os GID constituídos ao abeiro das anteriores normativas poden presentarse á primeira convocatoria que se realice ao abeiro desta con independencia do tempo transcorrido.

8. Disposición final

Esta normativa entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación na Sede Electrónica da UDC.